# O TELLADO DE BIEITO

Anuska Allepuz





O TELLADO DE BIEITO

Anuska Allepuz

nubeOCHO

Gato di que o tellado de Bieito é seu.
O mesmo din Rato e Raposo, incluso Esquío…

—É meu!
—Non! É meu!

Os animais discuten…
atoparán unha solución?



ISBN:978-84-10406-37-7 www.nubeocho.com

9 788410 406377

nubeOCHO

*Para Luka e Noah, que saben que compartir sempre é máis bonito.*

Anuska Allepuz

**O tellado de Bieito**
Colección Somos8

© do texto e as ilustracións: Anuska Allepuz, 2025
© da edición: NubeOcho, 2025
© da tradución: Iria Carballo, 2025
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *El tejado de Benito*

Primeira edición: Febreiro, 2025
ISBN: 978-84-10406-37-7
Depósito Legal: M-944-2025

Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

# O TELLADO DE BIEITO

Anuska Allepuz



nubeOCHO

A Gato encantáballe o tellado de Bieito.

—É o meu tellado favorito —dicía mentres saltaba de tella en tella.



Rato tamén subiu ao tellado de Bieito
e mirou a Gato con desconfianza.

—Este é o meu tellado, Gato.
Busca outras tellas onde saltar.
—Non te confundas, Rato.
Este tellado é meu!



Nese momento chegou Raposo.

—Gato, Rato, este é o meu tellado. Fóra de aquí!

—Eu estaba aquí antes que ninguén! —berrou Gato—. Este é o meu tellado e adóroo!



—Non, non e non. É meu! —exclamou Esquío, que acababa de chegar.

E xusto nese momento…



—Que facedes aquí? —preguntou Bufo mentres aterraba—. Este tellado é meu.

—Non é verdade! —exclamou Raposo.

—Claro que non! É meu! —dixo Rato.

—Quererás dicir que é o meu tellado! —exclamou Esquío.

—É meu! —berrou Gato de mal humor.





E xusto daquela…

—Ah, non, non, non… Este é o meu tellado! —protestou Avelaíña coa súa vociña.



—Vaia! —dixo Ouriza, ao subir polo tellado.





—Que abarrotado está hoxe o noso tellado! —engadiu Ourizo.

—Este é o noso tellado e gustaríanos telo enteiro para nós —concluíu Ourizón.

—Todo o mundo fóra! —exclamaron os tres ao unísono.



Gato, Rato, Raposo, Esquío, Bufo, Avelaíña e Ourizo empezaron a discutir.

—É o meu tellado!

—Eu cheguei antes!

—Meu!

—Eu vino primeiro...

—É o meu tellado de toda a vida!

Ninguén quería marchar do tellado de Bieito. Eran tantos que xa non cabía nin unha pulga.

E nese momento…

